

Efervescencia do jazz galego

Mar Barros

Javier Albertos (FOTOGRAFÍA)

Máis de 20 discos publicados ao ano, a posta en marcha da especialidade de Jazz no Conservatorio Superior da Coruña, o aumento exponencial na programación de concertos e de festivais e a aparición dunha prometedora canteira de intérpretes saídos de escolas galegas son algúns datos que botan luz sobre o bo momento que atravesamos o jazz en Galiza. Por vez primeira o jazz galego compite nos Premios da Música, os galardóns que concederá a Sociedade Xeral de Autores o vindeiro 3 de abril. O contrabaixista ferrolán Baldo Martínez vén de ser seleccionado na categoría de Mellor álbum de jazz polo seu traballo *Proyecto Miño*. Proba do calado que está a ter este disco, unha proposta de jazz de vanguardia matizada con fortes influencias da música galega de raíz, é que o número de xaneiro da revista francesa *Jazz Magazine* o inclúe entre os dez mellores do mes.

O jazz en Galiza non conta cunha longa tradición. Os clubs que comezaron a programar este tipo

de música, como o Filloa na Coruña, o Latino en Ourense ou o Dado Dadá en Compostela non teñen máis dun cuarto de século. Até hai ben pouco, os únicos grupos que conseguiran pisar escenarios internacionais foran Baio Ensemble e Clunia Jazz, a formación composta por Nani García ao piano, Fernando Llorca na batería e Baldo Martínez no contrabaixo. O disco homónimo desta última banda, publicado en 1983, foi a primeira referencia discográfica no que a jazz galego se refire.

Despois de 20 anos de silencio, o jazz está a experimentar un estado de efervescencia creativa. Cada vez son máis os festivais especializados e percíbese un aumento exponencial den-

tro da canteira de intérpretes, un dato debedor en boa medida da proliferación de escolas de música, da implantación da especialidade de Jazz no Conservatorio Superior da Coruña e da consolidación de centros como o Seminario Permanente de Jazz. O 30% do catálogo de Karonte, un dos selos de referencia no jazz estatal, é cheno de propostas de artistas galegos, entre eles, Abe Rábade, Baldo Martínez e Alberto Conde. Ademais, en 2007 creceron as cifras na edición de traballos, chegando a situarse preto da vintena.

Outro dato que bota luz sobre esta nova realidade proporcióno a SGAE. O Anuario que a entidade realizou sobre as cifras obtidas en 2004, confirmaba que a programación de jazz superou ese ano a de folk.

BOOM? Malia o que poida parecer os intérpretes rexeitan a idea de que se viva un *boom*. Como sinalan Baldo Martínez

e Alberto Conde, “todo isto non sae da nada”. Con máis de 25 anos sobre os escenarios estes pioneiros do jazz galego coinciden en destacar que a situación actual é froito do esforzo continuado de moitos músicos. Recordan as dificultades que durante a década dos 80 e dos 90 marcaron as carreiras dos intérpretes, sen moitas salas nas que actuar e poucas facilidades á hora da gravación. Baldo Martínez ex-

”

O 30% do catálogo de Karonte, un dos selos de referencia no jazz estatal, é cheno de propostas de artistas galegos.

plica que na actualidade desenvólvense diferentes tendencias dentro do jazz, dende a corrente de influencia americana que practican músicos como Paco Charlín ou Xacobe Antelo a outra máis europea, pasando por apostas que se inspiran na música tradicional galega, como o caso de Alberto Conde e a súa muiñeira jazz. Malia todo, recoñece que



Alberto Conde ao piano,
Baldo Martínez ao contrabaixo
e Nirankar Khalsa na percusión.

este estilo de música non conta cun público masivo e fai fincapé que na que ao seu ver é aínda a materia pendente do jazz galego: a proxección fóra. Para o intérprete e compositor Nani García esta nova realidade vese favorecida ademais pola mellora do nivel de vida, a maior facilidade no acceso á cultura e polo acerto dalgunhas políticas públicas postas en marcha dende as administracións. Fundador do selo discográfico xingra.com, Nani recorda como na década dos 80 Galiza era un deserto con catro francotiradores. A pesar de que a situación mellorou, o músico recoñece que non existen moitas discográficas que estean a producir jazz en Galiza.

APRENDIZAXE E CANTEIRA. Fronte a primeira xeración, os novos

músicos dispoñen na actualidade dunha oferta formativa máis ampla sen saír do país. Ademais das escolas pioneiras de jazz como a Baio Ensamble en Vigo e a Estudio Escola de Música en Compostela, os alumnos poden escoller para a súa formación entre máis dunha ducia de centros privados e públicos. Neste sentido cómpre destacar a posta en marcha en 2007 da especialidade de Jazz no Conservatorio Superior da Coruña, única escola oficial galega e unha das catro que existen en todo o Estado, xunto a ESMUC de Cataluña, Conservatorio Superior de Música de Navarra e a Musikene do País Vasco. Outra iniciativa destacada e consolidada é a do Seminario Permanente de Jazz, con Paco Charlín e Abe Rábade á cabeza. Este proxecto, nacido en 2001 en Pontevedra, reúne ao redor de 30 alumnos cada ano. De setembro a xuño, os participantes aprenden as bases deste estilo, composición, harmonía, historia, arranxos e

En 2007 púxose en marcha a especialidade de Jazz no Conservatorio Superior da Coruña, única escola oficial galega e unha das catro que existen en todo o Estado

técnica de improvisación e ensamblaxe.

A pesar de todo, Nani García sinala que os músicos están mellor formados pero destaca que se corre o perigo de estandarizar o panorama, en consecuencia da homoxeneización dos plans de estudos das escolas. Por iso, se mostra prudente á hora de falar de "novas correntes" dentro do jazz feito en Galiza. Para Alberto Conde, estase a crear canteira. "Existe un gran número de alumnos cunha potencialidade profesional moi grande", comenta, entre eles destaca a Jacobo de Miguel, Iago Mouríño e Miguel Queixas. ●

De Alberto Conde a Terela Grandín

A pesar do carácter minoritario, o jazz está a asentarse en Galiza. Botando un ollo pola produción discográfica dos últimos dous anos, o público tócase con traballos como *O lobo morde a man*, debut do contrabaixista Kim García, o disco *Andaina*, no que Alberto Conde explora en clave jazzística as raíces musicais galegas e *Proyecto Miño* de Baldo Martínez. En 2006, o saxofonista Roberto Somoza publicou con Xingra.com *Tempos de cambio*, unha obra na que o intérprete deu un xiro de 180 graos volviendo a vista cara as súas raíces. Despois de abrir esta porta dentro do jazz europeo contemporáneo, Somoza tócase traballando no que será o seu seguinte álbum, que ten previsto o seu lanzamento para finais de ano.

Tamén viron a luz *Playin on light*, do novo proxecto de Abe Rábade, que ademais de

música dá protagonismo a imaxe, *Teima* de Pepe Evangelista, no que musicaba algúns dos poemas máis coñecidos de Rosalía de Castro, *Lost e Pascala* da vocalista Terela Grandín, *2*, de Sumrrá e *Falou* de Pablo Seoane Trío. En marzo sairá a rúa *Rosalía 21*, un disco que revisa a poesía de Rosalía de Castro en clave jazzística. Os autores son Abe Rábade, Guadi Galego e o poeta Anxo Angueira.

Cómpre destacar ademais a recente creación da Orquestra Omega, primeira orquestra de improvisadores de Galiza. Nela conflúe a parte máis vangardista do jazz, con músicos das distintas que se están a desenvolver no país como outros procedentes do mundo clásico, o rock e o folk. ●

